

MEMORIA DE ACTIVIDADES FINANCIADAS AO CARGO DO PACTO ESTADO 2020


Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte
[Oficina para a Igualdade de Xénero](#)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Contenido

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN	5
a. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivosexual, diversidade e non discriminación para o alumnado da UDC	5
b. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivosexual, diversidade e non discriminación para o profesorado da UDC	7
c. Seminario sobre Violencia Machista para alumnado da Universidade Sénior	9
d. Estudos de diagnose realizados entre os/as integrantes da comunidade universitaria. (Medida 1.1.8)	9
e. Premios aos traballos académicos (TFG, TFM, teses) con perspectiva de xénero (Medida 1.1.4).....	12
f. Accións formativas en relación coa perspectiva de xénero na docencia universitaria (Medida 1.1.4)	12
g. Relatorio Conversas arredor do xénero, organizado polo Centro de Estudos de Xénero e Feminismo (CEXEF) (Medida 1.1.3 e 1.1.4).....	13
h. Campañas de difusión a través de diversos soportes: cartelería e folletos, redes sociais e, en xeral, as TIC ((Medida 1.2.26)	14
i. Accións formativas para o alumnado sobre o uso adecuado das novas tecnoloxías e os negos sexistas e as violencias de xénero que existen nas redes sociais (Medida 1.2.34).....	16
3. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOSTA ASISTENCIAL	16
a. Organización de cursos e xornadas de formación orientadas a alumnado e profesorado das titulacións relacionadas con audiovisuais, e a xornalistas (Medida 5.224)	16
4. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	17
a. Plan de comunicación do protocolo fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo e o II Plan de Igualdade da UDC (Medida 8.254)	17

1. INTRODUCCIÓN

Nesta memoria preséntanse as actividades financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade) incluídas no Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Universidade da Coruña. Estas actuación encádranse nos diferentes obxectivos definidos no *Documento refundido final do Pacto de Estado (PE) contra a violencia de xénero*, en concreto nos seguintes eixes e medidas:

EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

- **Medida 1.1.3:** Reforzar e ampliar, en materia de educación, os valores igualitarios e a educación afectivosexual obrigatoria en todos os niveis educativos e fomentar que estes se enfoquen de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivoemocionais).
- **Medida 1.1.4:** Incluír, en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, o machismo, as condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, o valor da diversidade e a tolerancia.
- **Medida 1.1.8:** Implicar as unidades de igualdade das universidades na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no ámbito universitario, e valorar, se é o caso, a oportunidade de realizar campañas de prevención nos campus universitarios e, de forma particular, das agresións sexuais «en cita».
- **Medida 1.1.15:** Ofertar nos programas de formación permanente do profesorado un programa específico de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- **Medida 1.2.26:** Realizar campañas que teñan como público obxectivo a mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
- **Medida 1.2.34:** Formar a mocidade sobre o uso axeitado e crítico de internet e das novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os ciberdelitos (*stalking, sexting, grooming* etc).

EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOTA ASISTENCIAL

- **Medida 5.224:** Impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os/as profesionais dos medios de comunicación.

EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

- **Medida 8.254:** Diseñar programas de prevención, detección e protocolos especializados, ou actualizar os existentes en atención e actuación, para os adaptar ás especificidades das diferentes violencias sexuais. Desenvolver protocolos de intervención e detección precoz en todos os ámbitos educativos.

2. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

a. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivosexual, diversidade e non discriminación para o alumnado da UDC

O programa de formación denominouse [PFOIX](https://www.udc.es/gl/cufie/UFA/PFOIX/) (<https://www.udc.es/gl/cufie/UFA/PFOIX/>) e en colaboración co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da Universidade ofertáronse 12 cursos para o alumnado con diferentes temáticas, con especial atención ao alumnado das facultades de Ciencias da Educación, Ciencias da Comunicación, Dereito e Ciencias da Saúde que están expresamente mencionadas no Pacto de Estado.

Seis dos cursos foron ofertados exclusivamente para o alumnado dos distintos graos de Ciencias da Educación e Ciencias do Deporte, así como para o alumnado do Mestrado de Profesorado, coa intención de reforzar a formación en igualdade das persoas que no futuro serán mestres e mestras. Debido ás recomendacións sanitarias e ás restricións provocadas pola pandemia optouse por modalidades non presenciais en case todos os cursos. Na Táboa 1 figura un resumo dos cursos ofertados, co número de asistentes e a medida específica do PE que abarca cada curso. Ademais, no *Anexo I* inclúense as fichas coa información estendida da temática que se tratou en cada un deles.

Táboa 1: cursos ofertados ao alumnado

Descrición	Profesorado	Medida PE	Datas	Duración	Lugar / Modalidade	Ámbito	Prazas	Asist.	M (%)
<i>Análise de xénero na investigación</i>	Capitolina Díaz e M Teresa Samper	1.1.3 1.1.4	1 ao 30 de xuño	20h	Telemática. Moodle e Teams	Alumnado de doutoramento	10	14	71,4
<i>Coeducación emocional: educación, emocións e igualdade como ferramenta de transformación</i>	Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz (Almas Meraki)	1.1.3 1.1.4	Do 12 ao 31 de out.	16h	Telemática. Moodle e Teams	Educación	30	30	96,7
<i>O enfoque de xénero na intervención socioeducativa:</i>	Beatriz López Rey, Tania Merelas Iglesias,	1.1.3 1.1.4	Do 12 ao 31 de out.	4h	Telemática. Moodle e Teams	Educación (grao de Educación Social)	30	16	100

Descrición	Profesorado	Medida PE	Datas	Duración	Lugar / Modalidade	Ámbito	Prazas	Asist.	M (%)
<i>propostas de traballo desde o feminismo</i>	Belén Gavín Bermúdez e Juanjo Lorenzo Castiñeiras (Cooperativa Arabias)								
<i>Ferramentas para a integración da mirada de xénero na docencia do ensino secundario de formación profesional</i>	Beatriz López Rey, Tania Merelas Iglesias, Belén Gavín Bermúdez e Juanjo Lorenzo Castiñeiras (Cooperativa Arabias)	1.1.3 1.1.4	Do 12 ao 31 de out.	8h	Telemática. Moodle e Teams	Educación (Mestrado de Profesorado)	30	14	92,9
<i>Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero</i>	Beatriz López Rey, Tania Merelas Iglesias, Belén Gavín Bermúdez e Juanjo Lorenzo Castiñeiras (Cooperativa Arabias)	1.1.3 1.1.4	Do 12 ao 31 de out.	8h	Telemática. Moodle e Teams	Educación (grao de Educación Infantil)	30	22	86,4
<i>Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero</i>	Beatriz López Rey, Tania Merelas Iglesias, Belén Gavín Bermúdez e Juanjo Lorenzo Castiñeiras (Cooperativa Arabias)	1.1.3 1.1.4	Do 12 ao 31 de out.	8h	Telemática. Moodle e Teams	Educación (grao de Educación Primaria)	30	23	87
<i>Novas masculinidades</i>	Jorge García Marín	1.1.4	Do 1 ao 31 de out.	10h	Telemática. Moodle e Teams	Transversal	30	23	77,8

Descrición	Profesorado	Medida PE	Datas	Duración	Lugar / Modalidade	Ámbito	Prazas	Asist.	M (%)
<i>Violencia dixital de xénero: da prevención á responsabilidade penal</i>	Natalia Pérez Rivas	1.1.4 1.2.34	15 out. 16 out. 22 out. 23 out. 29 out.	10h	Telemática. Moodle e Teams	Transversal	100	62	90,3
<i>Coeducación emocional: educación, emocións e igualdade como ferramenta de transformación</i>	Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz (Almas Meraki)	1.1.3 1.1.4	Do 12 de out. ao 8 de nov.	16h	Telemática. Moodle e Teams	CC. do Deporte e a Educación Física	30	32	50
<i>Sexualidad(es) 5G: retos e posibilidades nas relacións posmillenial</i>	Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz (Almas Meraki)	1.1.4 1.2.34	Do 2 ao 15 de nov.	16h	Telemática. Moodle e Teams	Transversal	30	29	89,7
<i>Obradoiro de muralismo arredor do 25N</i>	7H Cooperativa Cultural	1.1.4	21, 22 e 23 de out.	18h	Presencial. Campus Ferrol	Transversal	15	2	100
<i>Obradoiro de muralismo arredor do 25N</i>	7H Cooperativa Cultural	1.1.4	4, 5 e 6 de nov.	18h	Presencial. Campus Coruña	Transversal	15	15	86,7

b. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivosexual, diversidade e non discriminación para o profesorado da UDC

O programa de formación denominouse [PFOIX](https://www.udc.es/gl/cufie/UFA/PFOIX/) (<https://www.udc.es/gl/cufie/UFA/PFOIX/>) e en colaboración co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da universidade ofertáronse 6 cursos para o profesorado con diferentes temáticas. Na programación dos cursos incidiuse na formación enfocada á incorporación da perspectiva de xénero nas guías docentes das materias dos diferentes graos, na formación para a atención ás vítimas de acoso sexista e á formación no ámbito do tratamento da información nos medios sobre as violencias machistas. Na Táboa 2 faise un resumo dos cursos

ofertados, co número de asistentes e a medida específica do PE que abarca cada curso. E no *Anexo II* inclúense as fichas coa información estendida da temática que se tratou en cada un deles.

Táboa 2: Cursos PFOIX para o profesorado

Descrición	Profesorado	Medida PE	Datas	Duración	Lugar /Modalidade	Ámbito	Prazas	Asist.	M (%)
<i>Análise de xénero na investigación</i>	Capitolina Díaz e M Teresa Samper	1.1.15	Do 1 ao 30 de xuño	20h	CUFIE / En liña a través de Teams	PDI	10	12	92,0
<i>É tempo de coidados</i>	Jennifer Santín Vivero e María Barba Nuñez	1.1.15	14, 15, 16, 21, 22 e 23 set	15h	CUFIE / En liña a través de Teams	PDI	20	15	80
<i>Políticas de igualdade e prevención e sensibilización contra a violencia de xénero</i>	Manuela Carral Diéguez	1.1.15	Do 1 ao 31 de out.	12h	CUFIE / En liña a través de Teams	PDI	30	23	87
<i>Atención ao acoso sexual e sexista, por orientación sexual ou extensión de xénero na UDC. Prevención, detección, primeira actuación e acompañamento no contexto universitario</i>	Aiziber Bañuelos Ganuza	1.1.15	Do 1 ao 31 de out.	12h	CUFIE / En liña a través de Teams	PDI	30	21	81
<i>Tratamento informativo da violencia de xénero e da igualdade</i>	Patricia Faraldo Cabana, Eduardo Ramón Ribas, María Teresa Piñeiro Otero, Margarita Novales Ordax, Cláudia Morán Mato e Tamara Montero	1.1.15 5.224	2, 3, 4, 5 e 6 de nov.	10h	CUFIE / En liña a través de Teams	PDI	30	23	65,2
<i>Incorporación da perspectiva de xénero nas guías docentes</i>	Rocío Díez Ros	1.1.15	Do 1 ao 30 de nov.	12h	CUFIE / En liña a través de Teams	PDI	30	30	80

c. Seminario sobre Violencia Machista para alumnado da Universidade Sénior

Durante os meses de outubro e novembro desenvóléronse diferentes charlas na Universidade Sénior relacionadas coa violencia machista (véxase o cartel no *Anexo III*). Tanto no campus de Ferrol coma no campus da Coruña as relatoras expuxeron temas de interese e actualidade como as políticas de igualdade ou a violencia de xénero e as novas tecnoloxías, tal e como se pode ver na Táboa 3:

Táboa 3: Programa do seminario sobre violencia machista para alumnado da USénior

Descrición	Profesorado	Medida PE	Datas	Duración	Lugar / Modalidade	Ámbito	Prazas	Asist.	M (%)
<i>Violencia machista e políticas de igualdade</i>	Antía Pérez Caramés	1.1.4	6 nov.	1,5h	Presencial. Campus Coruña	Sénior	45	35	91,4
<i>Os homes que non amaban as mulleres. Claves sociolóxicas para explicar a violencia de xénero como dominación masculina</i>	Mónica Belén Fernández Suárez	1.1.4	13 nov.	1,5h	Presencial. Campus Coruña	Sénior	45	34	91,2
<i>Violencia de xénero e novas tecnoloxías</i>	María Asunción López Arraz	1.1.4	6 nov.	1,5h	Presencial. Campus Ferrol	Sénior	45	11	100
<i>A violencia contra as mulleres, un problema de tod@s</i>	Ana Jesús López Díaz	1.1.4	13 nov.	1,5h	Presencial. Campus Ferrol	Sénior	45	11	100

d. Estudos de diagnose realizados entre os/as integrantes da comunidade universitaria. (Medida 1.1.8)

Dous foron os estudos de diagnose realizados:

– Estudo acerca da realidade e do alcance do acoso sexual, as agresións sexuais e os abusos no ámbito universitario da UDC

Centrouse nos diferentes tipos de acoso que se poden dar no ámbito universitario: acoso sexual, sexista ou de xénero, acoso por orientación sexual e por identidade ou expresión de xénero. Para coñecer polo

miúdo esta situación realizouse unha enquisa a toda a poboación da UDC (estudantes, PAS e PDI). O obxectivo xeral do cuestionario foi coñecer a prevalencia e as características do acoso no ámbito universitario. Como obxectivos específicos sinálanse tamén os seguintes:

- Identificar as formas máis habituais de resolución e xestión en casos ou situacións de acoso.
- Afondar nas percepcións sobre o fenómeno e a capacidade de recoñecemento do acoso e da violencia sexista ou baseada no xénero, na identidade de xénero ou na orientación sexual.
- Coñecer as consecuencias sufridas polas vítimas nas situacións de acoso.
- Caracterizar a influencia da organización universitaria e os seus protocolos na proliferación e xestión das situacións de acoso.
- Definir o grao de coñecemento do Protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero na UDC, o Plan de igualdade entre mulleres e homes, e as unidades de representación e defensa da igualdade de xénero con que conta a UDC.
- Identificar e percibir a UDC como contorno libre e seguro fronte ao acoso sexual.
- Caracterizar as variables sociodemográficas de control que poidan axudar a explicar as diferentes dimensións do estudo.

O traballo de campo levouse a cabo entre o 14 de outubro e o 10 de novembro. Logo da depuración da base de datos resultante, procedeuse á explotación estatística e á análise dos resultados. Como conclusións do estudo pódense destacar as seguintes:

- Acoso sexual é un fenómeno que se dá en todos os eidos da sociedade e a universidade non é allea a esta cuestión. Aínda así, a incidencia parece, de entrada, inferior á que se dá noutros ámbitos da vida.
- Definir o acoso sexual é, de entrada, relativamente sinxelo, especialmente nun campo teórico, mais a súa definición práctica non está exenta de zonas menos definidas. Un bo exemplo é a cuestión dos piropos, sobre os que non hai un consenso claro.
- A UDC é percibida como un contorno seguro e relativamente libre de acoso sexual. O principal problema a nivel institucional é que os organismos e ferramentas de control e apoio fronte a esta cuestión son descoñecidas para gran parte da comunidade universitaria, en especial para o alumnado.
- O 35 % das persoas que integran a UDC sufriron algún tipo de acoso sexual ao longo da súa vida fóra de universidade. A incidencia do acoso sexual sitúase no 5 %, se ben hai outro 5 % que non sabe dicir se sufriu ou non acoso. Non obstante, un cálculo indirecto estima que case un terzo da comunidade sufriu comportamentos que se poden cualificar como acoso sexual.

- As vítimas son, nun 90 %, mulleres e os acosadores son, en igual proporción, homes. As persoas non heterosexuais e as non binarias adoitan presentar unha maior proporción de acoso.
- Os acosadores adoitan ser PDI, se ben tamén hai unha relevante proporción de acoso entre o alumnado. As relacións de acoso adoitan ter un compoñente de verticalidade ou xerarquía que agrava aínda máis a situación e que inhibe en maior medida a denuncia.
- Obsérvanse situacións de dominio dos homes, especialmente nas relacións de parella, en comportamentos como «non lle deixa á súa parella levar escotes». Tamén se advertiron casos de comportamentos moi dominantes e discriminatorios por parte dalgún profesor.
- Neste sentido, considérase moi necesario continuar coas estratexias de sensibilización e de comunicación de xeito que non se toleren este tipo de comportamentos no campus e, por extensión, ao resto da sociedade.

En xeral, pódese dicir que a situación da universidade non difire da propia sociedade en que se insire, cunha incidencia maior da percibida. *Non obstante, é labor da UDC crear, difundir e potenciar as ferramentas de control e apoio para minimizar, aínda máis, o acoso sexual no seu contorno máis directo.*

– Diagnose sobre a percepción da igualdade de xénero e tratamento das violencias nas entidades estudantís da UDC

Os traballos realizados foron:

- Redacción da guía e autodiagnose. Elaboración dunha guía de consulta e traballo para introducir e afianzar a perspectiva feminista nas organizacións estudantís e nas relacións de calquera estudante que participe nalgún colectivo dentro da Universidade da Coruña. Esta guía inclúe os seguintes contidos: breve marco teórico, espazo de reflexión e (auto)crítica do funcionamento dos colectivos, a modo de Laboratorio de experiencias feministas, como despatriarcalizar as dinámicas e as relacións nos grupos, preguntas para o debate e propostas de acción. Ademais, na parte final da guía, engadiuse un glosario e un conxunto de recursos bibliográficos.
- Elaboración da enquisa de autodiagnose.
- Adaptación a formulario en liña. A enquisa-autodiagnose pasouse a formato telemático, de xeito que as entidades ou persoas individuais a puidesen cubrir desde calquera lugar.
- Recollida de datos. O formulario foilles enviado ás entidades pertencentes á Universidade da Coruña, mais foi preciso reforzar o envío con chamadas telefónicas para explicar o proxecto e a súa finalidade. En total contactouse con 32 entidades, aínda que non todas contestaron a enquisa.

- Diagnose e redacción de documento. Unha vez recompilados os datos obtidos a través das autodiagnoses, e a recollida a través das chamadas e correos, analizáronse estes coa finalidade de diagnosticar a situación en que se atopan as entidades e, de xeito extensivo, a poboación estudantil da UDC en relación con violencias, desigualdades e prexuízos. Neste documento, ademais, tendo en conta os resultados, propúxose unha serie de recomendacións de futuro, como liñas de actuación para mellorar a situación analizada.

Como conclusións destacan:

- A necesidade de atopar unha relación máis estreita coas entidades estudantís desde a propia Oficina de Igualdade de Xénero, coa finalidade de lle ir achegando as políticas da igualdade da Universidade á estrutura asociativa.
- A percepción das políticas de xénero como «cousa de mulleres» por parte dalgunhas entidades estudantís, que non o consideran como un elemento transversal. Por exemplo, nalgúns casos de asociacións mixtas, é claro que as enquisas foron cubertas por mulleres e non por homes.

e. Premios aos traballos académicos (TFG, TFM, teses) con perspectiva de xénero (Medida 1.1.4)

Como todos os anos, convocouse o concurso para premiar os mellores proxectos fin de grao ou fin de mestrado con perspectiva de xénero. Na oitava edición dos premios Ángeles Alvariño, foron premiados catro traballos que destacaron pola súa calidade, orixinalidade e a acertada metodoloxía que se usou para incluír os aspectos de xénero en temáticas moi diferentes. No *Anexo IV* inclúese a convocatoria e a acta do xurado coa resolución dos premios. Por outra banda, a entrega de premios realizouse no acto organizado polo 25 de Novembro, onde as persoas premiadas falan dos aspectos máis destacables dos seus proxectos (véxase o programa no *Anexo IV*).

f. Accións formativas en relación coa perspectiva de xénero na docencia universitaria (Medida 1.1.4)

Este ano fíxose un esforzo importante co obxectivo de informar, formar e fomentar a inclusión da perspectiva de xénero nas materias das distintas titulacións que se imparten na universidade da Coruña. Dentro deste cadro, o 10 de setembro, organizouse un acto, xunto coas outras dúas universidades do SUG,

para a presentación da colección de Guías en galego para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero. Con este motivo, reuníronse, de maneira telemática, os reitores das tres universidades, as responsables das oficinas para a Igualdade de Xénero e especialistas de diferentes áreas temáticas, que achegaron o seu coñecemento e a súa visión sobre a perspectiva de xénero na docencia universitaria.

Durante esta xornada faláron as profesoras Tania Verge (Universitat Pompeu Fabra), Encina Calvo (Universidade de Santiago) e Esperanza Bosch (Universidade das Illas Baleares). A xornada foi gravada ([ligazón xornada](#)) e a colección de 11 guías está publicada no repositorio aberto da UDC para ser consultadas por quen o precise ([ligazón](#)). Posteriormente, ofertouse un curso dentro do PFOIX para incluír de maneira práctica a perspectiva de xénero nas guías docentes do profesorado da nosa universidade (Curso *Incorporación da perspectiva de xénero nas guías docentes* da profesora Rocío Díez Ros).

g. Relatorio Conversas arredor do xénero, organizado polo Centro de Estudos de Xénero e Feminismo (CEXEF) (Medida 1.1.3 e 1.1.4)

Durante a xornada organizada polo CEXEF analizáronse as temáticas relacionadas coas novas masculinidades e coa violencia nas redes. O relatorio, aínda que se tivo que realizar de maneira virtual, presentou un formato moi atractivo e dinámico (na Figura 1 pode verse o cartel da xornada), onde dúas persoas especialistas no tema conversaban sobre este desde os seus puntos de vista.




Figura 1: Cartel de conversas en torno ao xénero

h. Campañas de difusión a través de diversos soportes: cartelería e folletos, redes sociais e, en xeral, as TIC ((Medida 1.2.26)

Durante este período fixéronse dúas campañas de difusión:

– **Campaña de sensibilización fronte o acoso**

Para os traballos que se realizaron nesta campaña elixíronse o nome e o slogan baixo o título oficial da campaña SE ME PREGUNTAS QUE É VIOLENCIA. Para reforzar esta mensaxe acompáñase de 7 frases diferentes:

- Insistir en que tras un «NON» é violencia.
- Violencia é cando dis «cala, que ti non sabes destas cousas».
- Facer chistes machistas nunha aula é violencia.
- Facer bromas sobre orientación sexual é violencia.
- Violencia é cando controlas con quen falo ou con quen me relaciono.
- Pedirme o contrasinal para ter acceso ao meu *chat* é violencia.
- Usar o campus virtual para me mandar mensaxes de contido sexual é violencia.

A nivel gráfico buscouse unha campaña resultase visualmente atractiva e que incluíse a cor lila (véxase a Figura 2). Buscando unha imaxe actual contouse cunha deseñadora gráfica nova e con perspectiva de xénero en moitos dos traballos realizados por ela. A imaxe foi utilizada para carteis e soportes para redes sociais.




Figura 2: Imaxe principal da campaña contra o acoso

A campaña en redes sociais realizouse en colaboración co Gabinete de Comunicación da Universidade. Neste sentido, decidiuse reforzar a campaña unha vez pasado o 25 de novembro, coa finalidade de non solapar outras iniciativas. Os elementos gráficos tamén foron distribuídos entre as entidades estudantís co obxectivo de compartir esta mensaxe a través das súas propias canles.

– **Campaña de difusión “DESMÁRCATE” para sensibilizar o alumnado sobre as violencias de xénero nos ámbitos deportivos**

Neste caso fíxose unha campaña en papel onde se simulaba un xornal deportivo, coa finalidade de mostrar novas sobre a muller no deporte tanto no que respecta aos logros deportivos, que moitas veces quedan invisibilizados, como ás situacións de violencia sexual e acoso que sofren no ámbito deportivo. Na Figura 2 achégase a portada do xornal. Unha vez impreso foi distribuído polas cafeterías e sitios de paso nos distintos centros universitarios para a súa difusión. Tamén se difundiu polas redes sociais.



Figura 3: Portada do xornal para sensibilizar o alumnado sobre as violencias de xénero no deporte

– **Pancartas «CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS»**

Imprimíronse dúas pancartas (unha para o campus de Ferrol e outra para o campus da Coruña) de grandes dimensións co slogan en contra das violencias machistas para difundir o firme posicionamento da Universidade da Coruña en contra de calquera manifestación de violencia contra as mulleres. Colocáronse nos campus universitarios da UDC polo 25 de novembro.

i. Accións formativas para o alumnado sobre o uso adecuado das novas tecnoloxías e os nesgos sexistas e as violencias de xénero que existen nas redes sociais (Medida 1.2.34)

Dentro dos cursos ofertados para o alumnado, o titulado *Sexualidad(es) 5G: retos e posibilidades nas relacións posmillenial* estudaba a temática das violencias de xénero e as novas tecnoloxías. O curso tivo moi boa acollida e cabe destacar a avaliación moi positiva por parte do alumnado que asistiu.

3. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOTA ASISTENCIAL

a. Organización de cursos e xornadas de formación orientadas a alumnado e profesorado das titulacións relacionadas con audiovisuais, e a xornalistas (Medida 5.224)

Neste caso organizouse dentro do Plan de formación en igualdade de xénero, un curso específico nesta temática enfocado ao profesorado da Facultade de Ciencias da Comunicación, aínda que quedou aberto a toda a comunidade docente. No curso *Tratamento informativo da violencia de xénero e da igualdade* falouse sobre os nesgos e a discriminación que moitas veces atopamos nas noticias difundidas sobre casos de violencia machista e acoso sexual.

4. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

a. Plan de comunicación do protocolo fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo e o II Plan de Igualdade da UDC (Medida 8.254)

Dentro do plan de comunicación do protocolo da UDC, fíxose un concurso para elaborar un cartel e un vídeo que axudaran a promocionar o protocolo entre a comunidade universitaria. No Anexo V inclúense as bases do concurso e a acta coas persoas premiadas. Os carteis, como o que se presenta na Figura 4, foron repartidos e colgados en todos os centros universitarios e o vídeo do protocolo publicitado nas redes e na páxina web da Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC. (ligazóns [vídeo](#) sobre o protocolo).

Ademais, impartíronse unha serie de charlas (en liña) para o alumnado das diferentes titulacións dentro do programa do plan de acción tutorial (PAT) que se desenvolve na Universidade. Do mesmo xeito, instouse os responsables do PAT de cada titulación/centro a facilitar información básica sobre o protocolo de actuación fronte ao acoso sexual ao alumnado, e a incorporar unha ligazón á información escrita do protocolo, na páxina web das facultades/escolas da nosa universidade.



Figura 4: Cartel concurso publicidade do protocolo

ANEXOS

Anexo I

PLANO DE APOIO AO ENSINO
2019-2020
FICHA DO CURSO

Actividade	Curso	Código:	20/CSIT/078
-------------------	-------	----------------	-------------

Título	Análise de xénero na investigación
---------------	---

Destinatarios	Profesorado da UDC		
Requisitos			
Duración	20 horas (6 horas presenciais + 14 horas virtuais)		
Datas e horario	5 xuño 2020 de 10:00 a 13:00 e de 16:30 a 19:30 h		
Lugar/modalidade	Aulario do CUFIE Campus de Elviña	Semipresencial	
Prazas	30		

Obxectivos

Este curso va dirigido a mejorar las competencias del alumnado de doctorado en la inclusión de la perspectiva de género tanto en los proyectos y trabajo de tesis doctoral como de potenciales proyectos de investigación y los artículos científicos que puedan derivarse de las investigaciones.

Se presenta el marco conceptual que sostiene la inclusión de la perspectiva de género en la investigación.

Asimismo, se indicará cómo introducir la perspectiva de género en cada una de las fases del proceso investigador, desde la elección del problema a investigar y la selección de la muestra, hasta el análisis de los resultados y su posterior publicación.

Se presentan los principales sesgos sexistas propios de las investigaciones convencionales y sus efectos sobre la calidad de las mismas.

Finalmente, se revisa la relevancia de introducir el enfoque de género en varios campos de la investigación y se exponen ejemplos concretos de lo que implica el análisis de género en ellos.

Definición de competencias

- Habilidad para incluir la perspectiva de género en todas las fases de la investigación.
- Capacidad para evitar el sexismo en la investigación.
- Capacidad para realizar y presentar un proyecto de investigación o un proyecto de tesis sin sesgos sexistas.

La adquisición de tales competencias mejorará la calidad de los proyectos de tesis y de los proyectos de investigación que se envíen a convocatorias competitivas así como de los artículos que deriven de las investigaciones y/o tesis doctoral. Dichas competencias son respaldadas por las normativas europeas, estatales y de buena parte de las CC. AA., en las que, en la evaluación de los proyectos de investigación, se reconoce la inclusión de la perspectiva de género.

Contidos

- Unidad 1. Concepto, tecnologías y sesgos sexistas
- Unidad 2. El enfoque de género en la investigación.
- Unidad 3. Género e investigación en las ciencias sociales y de la vida.
- Unidad 4. Género e investigación en el medio ambiente y las tecnologías.

Metodoloxía

Curso en modalidad online tutelado por especialistas en la materia.

- Contenidos apoyados en ejemplos prácticos que ayuden a la reflexión.
- Propuesta de actividad a la finalización de cada Unidad para comprobar lo aprendido.

Evaluación

Cada participante encontrará ejercicios, de realización optativa, a la finalización de cada Unidad.

Al finalizar los contenidos del curso cada participante deberá aplicar los contenidos adquiridos a un trabajo de investigación. Para ello trabajará sobre la incorporación del enfoque de género en su propia propuesta de investigación y/o de tesis doctoral.

Profesorado

Nome: Capitolina Díaz Martínez. Catedrática de Sociología de la Universidad de Valencia

Observaciones e recursos

Actividade	Curso	Código:	PFOIX/001
-------------------	-------	----------------	-----------

Título	Coeducación emocional: educación, emocións e igualdade como ferramenta de transformación.
---------------	--

Destinatarios	Alumnado da Facultade de CC.da Educación	
Requisitos		
Duración	16 horas	
Datas e horario	12 ao 31 de outubro de 2020 (moodle) 20, 22, 27, 29 de outubro de 17:30 a 19:30 (Teams)	
Lugar / Modalidade	Telemática	Moodle e Teams
Prazas	30 prazas	

Obxectivos

Obxectivos xerais

- Xerar un espazo de análise e reflexión en clave de xénero sobre a educación formal.
- Explorar as competencias emocionais necesarias para facilitar o desenvolvemento integral e igualitario de nenas, nenos e adolescentes

Obxectivos específicos

- Analizar a construción das identidades de xénero a través dos procesos de socialización na infancia e a adolescencia.
- Revisar os rumbos de xénero no currículo, nos espazos, no xogo e nas dinámicas de aprendizaxe e interacción que se producen en contextos escolares.
- Coñecer a importancia da aprendizaxe das emocións e sentimentos para a igualdade de xénero.
- Favorecer o desenvolvemento das competencias emocionais aplicadas na coeducación.
- Visibilizar programas de coeducación e educación emocional.
- Profundar dunha maneira práctica nos aspectos fundamentais dun programa de coeducación emocional.

Contidos

Primeiro bloque: Contornas educativas con mirada de xénero

- ✓ Sistema sexo-xénero-sexualidade: criaturas que aprenden a "ser".
- ✓ Introducción á coeducación: conceptos e persoas referentes.
- ✓ Coeducación: enfoque e folla de roteiro (8 alicerces e 4 eixos transversais)
- ✓ Ser nena/ser moza vs ser neno/ser mozo: violencias simbólicas no marco do "feminino" e o "masculino".
- ✓ currículo oculto: o que educa e non se ve.

Segundo Bloque: Aprendendo coeducación emocional

- ✓ Contexto social e emocións: unha visión estrutural.
- ✓ A dimensión emocional na aprendizaxe. Desenvolvemento de competencias emocionais (Modelo Rafael Bisquerra)
- ✓ Construindo relacións igualitarias e libres de violencias: modelo de comunicación non violenta (Marshall Rosenberg).

Terceiro bloque: Educar é coeducar

- ✓ Coeducación emocional en infancia e en adolescencia para facilitar o desenvolvemento integral do noso alumnado.
- ✓ Fases para a creación dun plan coeducativo nun centro ou contorna educativo.
- ✓ Practicando a coeducación emocional en seis áreas clave: obxectivos e contidos, metodoloxía e organización da aula, linguaxe, relacións, espazos e materiais didácticos.
- ✓ Recursos e programas de coeducación emocional.

Profesorado

Nome: Sara Vierna Fernández y Virginia Pañeda Sanz (Almas Meraki- almasmeraki.es)

Observacións e recursos:

Traballaremos cunha metodoloxía práctica e dinámica a partir de ferramentas de mindfulness, comunicación non violenta e a análise crítica do discurso, profundando nas aprendizaxes vitais das persoas participantes.

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

Actividade	Curso	Código:	PFOIX/002
-------------------	-------	----------------	-----------

Título	O enfoque de xénero na intervención socioeducativa: propostas de traballo desde o feminismo
---------------	--

Destinatarios	Alumnado do Grao de Educación Social da Facultade de CC.da Educación	
Requisitos		
Duración	4 horas	
Datas e horario	12 ao 31 de outubro de 2020 (moodle)	
Lugar / Modalidade	Telemática	Moodle e Teams
Prazas	30 prazas	

Obxectivos

- Diseñar unhas xornadas formativas dirixidas ao alumnado do Grao de Educación Social para a integración do enfoque de xénero na súa praxe profesional.
- Facilitar ferramentas pedagóxicas que permitan ao alumnado transversalizar o enfoque de xénero nas súas prácticas profesionais.
- Favorecer recursos e instrumentos para incorporar a perspectiva de xénero na futura práctica profesional do alumando.

Contidos

1. A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
2. Prevención da violencia machista.
3. Incorporar o enfoque de xénero na práctica profesional de educación social.

Metodoloxía

Enfoque metodolóxico activo, participativo e dinámico.

Profesorado

Nome: Beatriz López Rey, Tania Merelas Iglesias, Belén Gavín Bermúdez e Juanjo Lorenzo Castiñeiras (Cooperativa Arabías)

Observacións e recursos:

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

Actividade	Curso	Código:	PFOIX/003
-------------------	-------	----------------	-----------

Título	Ferramentas para a integración da mirada de xénero na docencia do ensino secundarioe de formación profesional
---------------	--

Destinatarios	Alumnado do Mestrado de Profesorado da Facultade de CC.da Educación	
Requisitos		
Duración	8 horas	
Datas e horario	12 ao 31 de outubro de 2020 (moodle)	
Lugar / Modalidade	Telemática	Moodle e Teams
Prazas	30 prazas	

Obxectivos

- Diseñar unhas xornadas formativas dirixidas ao alumnado do Mestrado de profesorado para a integración do enfoque de xénero na súa praxe profesional.
- Facilitar ferramentas pedagóxicas que permitan ao alumnado transversalizar o enfoque de xénero nas súas prácticas profesionais.
- Favorecer recursos e instrumentos para incorporar a perspectiva de xénero na futura práctica profesional do alumando.

Contidos

1. A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
2. Prevención da violencia machista.
3. Incorporar o enfoque de xénero na práctica profesional docente.

Metodoloxía

Enfoque metodolóxico activo, participativo e dinámico.

Profesorado

Nome: Beatriz López Rey, Tania Merelas Iglesias, Belén Gavín Bermúdez e Juanjo Lorenzo Castiñeiras (Cooperativa Arabías)

Observacións e recursos:

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

Actividade	Curso	Código:	PFOIX/004
-------------------	-------	----------------	-----------

Título	Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero
---------------	---

Destinatarios	Alumnado do Grao de Educación Infantil da Facultade de CC.da Educación	
Requisitos		
Duración	8 horas	
Datas e horario	12 ao 31 de outubro de 2020 (moodle)	
Lugar / Modalidade	Telemática	Moodle e Teams
Prazas	30 prazas	

Obxectivos

- Deseñar unhas xornadas formativas dirixidas ao alumnado do Grao de Educación Infantil centradas en educar en igualdade para previr a violencia de xénero.
- Facilitar pautas e ferramentas que permitan ao alumnado fomentar actitudes e comportamentos igualitarios no contexto educativo que axuden a previr a violencia machista.
- Proporcionar criterios e pautas que permitan exercer o labor educativo integrando a perspectiva de xénero na presentación, uso, análise e elaboración de materiais didácticos e educativos para garantir a transmisión de valores igualitarios na aula.

Contidos

1. Educar sen estereotipos
 - a. Estereotipos e roles de xénero tradicionais.
 - b. A división sexual do traballo.
 - c. Análise de imaxes desde a perspectiva de xénero.
 - d. Análise de xoguetes e contos desde a perspectiva de xénero.
 - e. Orientación sexual e identidade de xénero.
2. Análise da violencia de xénero
 - a. A violencia de xénero, da normalización ao reproche social.
 - b. Estereotipos respecto á violencia de xénero.
 - c. Tipos de violencia de xénero.
 - d. Consecuencias da violencia sobre mulleres e menores.
 - e. Coeducación e programas educativos de prevención da violencia de xénero.
3. Creación de contos non sexistas
 - a. Qué é un conto non sexista?
 - b. Análise da linguaxe e das ilustracións.
 - c. Inventar heroínas e narrar as súas aventuras.
 - d. Contar e ler contos alternativos.

Metodoloxía

Enfoque metodolóxico activo, participativo e dinámico.

Profesorado

Nome: Beatriz López Rey, Tania Merelas Iglesias, Belén Gavín Bermúdez e Juanjo Lorenzo Castiñeiras (Cooperativa Arabías)

Observacións e recursos:

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

Actividade	Curso	Código:	PFOIX/005
-------------------	-------	----------------	-----------

Título	Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero
---------------	---

Destinatarios	Alumnado do Grao de Educación Primaria da Facultade de CC.da Educación	
Requisitos		
Duración	8 horas	
Datas e horario	12 ao 31 de outubro de 2020 (moodle)	
Lugar / Modalidade	Telemática	Moodle e Teams
Prazas	30 prazas	

Obxectivos

- Diseñar unhas xornadas formativas dirixidas ao alumnado do Grao de Educación Primaria centradas en educar en igualdade para previr a violencia de xénero.
- Facilitar pautas e ferramentas que permitan ao alumnado fomentar actitudes e comportamentos igualitarios no contexto educativo que axuden a previr a violencia machista.
- Proporcionar criterios e pautas que permitan exercer o labor educativo integrando a perspectiva de xénero na presentación, uso, análise e elaboración de materiais didácticos e educativos para garantir a transmisión de valores igualitarios na aula.

Contidos

1. Educar sen estereotipos
 - a. Estereotipos e roles de xénero tradicionais.
 - b. A división sexual do traballo.
 - c. Análise de imaxes desde a perspectiva de xénero.
 - d. Análise de xoguetes e contos desde a perspectiva de xénero.
 - e. Orientación sexual e identidade de xénero.
2. Análise da violencia de xénero
 - a. A violencia de xénero, da normalización ao reproche social.
 - b. Estereotipos respecto á violencia de xénero.
 - c. Tipos de violencia de xénero.
 - d. Consecuencias da violencia sobre mulleres e menores.
 - e. Coeducación e programas educativos de prevención da violencia de xénero.
3. Creación de contos non sexistas
 - a. Qué é un conto non sexista?
 - b. Análise da linguaxe e das ilustracións.
Os asasinatos machistas son a manifestación extrema das violencias que sofren as mulleres pero na base está o concepto de desigualdade entre as mulleres e os homes, reforzado a diario mediante discursos e estereotipos aos que, en gran medida e de forma tal vez inconsciente, contribúen os medios de comunicación.

Como profesionais da comunicación temos que asumir a nosa responsabilidade e combater as mensaxes discriminatorias á vez que debemos colaborar para que se visibilice a diversidade das mulleres e a súa contribución á sociedade.

O obxectivo deste curso é visibilizar o tratamento discriminatorio das mulleres nos medios de comunicación, provocar unha conciencia crítica para interpretar e elaborar a información, fomentar a transmisión dunha imaxe igualitaria e non estereotipada e amosar boas prácticas, recursos e recomendacións para informar con perspectiva de xénero.

Contidos

1. Introducción á problemática da violencia de xénero (Patricia Faraldo e Eduardo Ramon Ribas).
2. Marco xurídico da violencia de xénero e da igualdade (Patricia Faraldo e Eduardo Ramon Ribas).
3. Visible e invisible. A presenza e representación das mulleres nos medios de comunicación (M^a Teresa Piñeiro).
4. O tratamento informativo da violencia de xénero (Cláudia Morán, xornalista).
5. Propostas para o cambio: boas prácticas, recursos e recomendacións (Tamara Montero, xornalista).
6. Políticas universitarias de igualdade: II Plan de Igualdade da UDC (Margarita Novales).

PROGRAMA

Luns, 2 de novembro de 2020 de 9:00 a 11:00h.

Inauguración do curso. Vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte, Cristina López Villar

Presentación. María Ares, coordinadora do curso.

Intervención de **Patricia Faraldo e Eduardo Ramon Ribas**

Martes, 3 de novembro de 2020 de 9:00 a 11:00h.

Intervención de **Patricia Faraldo e Eduardo Ramon Ribas**

Mércores, 4 de novembro de 2020 de 9:00 a 11:00h.

Intervención de **María Teresa Piñeiro**

Xoves, 5 de novembro de 2020 de 9:00 a 11:00h.

Intervención de **Claudia Morán**

Venres, 6 de novembro de 2020 de 9:00 a 11:00h.

Intervención de **Tamara Montero**

Intervención de Margarita Novales

Conclusións. María Ares

Metodoloxía

Formato de conferencias con debate aberto sobre as temáticas plantexadas.

Profesorado

Patricia Faraldo Cabana, catedrática de Dereito Penal da Facultade de Dereito da UDC. Coautora do anteproxecto da Lei de Liberdades Sexuais.

Eduardo Ramon Ribas, catedrático de Dereito penal da Universitat de les Illes Balears.

María Teresa Piñeiro Otero, profesora Doutora da área de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Facultade de Ciencias da Comunicación da UDC. Directora do Centro de Estudos de Xénero e Feministas da UDC.

Margarita Novales Ordax, profesora Titular da área de Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes, na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camións, Canais e Portos da UDC. Directora da Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC.

Cláudia Morán Mato é xornalista e unha das fundadoras do colectivo Xornalistas Galegas, que recibiu o premio Comunicar en Igualde 2019 da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia pola reportaxe [As mulleres na opinión, un elefante rosa no medio das redaccións](#), publicada en Praza Pública. É colaboradora do xornal Nós Diario e forma parte do comité de redacción da Revista Luzes, onde escribe o blog *Teito de cristal*. Graduada en Xornalismo pola Universitat Ramon Llull e máster en xornalismo internacional na Universitat Pompeu Fabra, foi unha das fundadoras da web de xornalismo internacional en clave feminina [Goldman Sachs is not an aftershave](#), recoñecida como mellor blog de España 2013 nos Premios20Blogs do dixital 20Minutos.

Tamara Montero, (Compostela, 1985). Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago, escribe en La Voz de Galicia dende o 2008 sobre temas de sociedade e cultura. Foi gañadora do XIII premio Fernández del Riego de xornalismo de opinión e no 2020 recibiu unha mención especial no Premio Pérez Lugín da Asociación da Prensa da Coruña. Socia fundadora da asociación de profesionais da comunicación feministas, Xornalistas Galegas.

Coordina: María Ares Sanmartín, xefa do Gabinete de Comunicación da UDC. Licenciada en Filoloxía Hispánica e en Comunicación Audiovisual.

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

Actividade	Curso de Formación		Código:	PFOIX/014
Título	Incorporación da perspectiva de xénero nas guías docentes			
Destinatarios	PDI			
Requisitos	Ningún			
Duración	12 horas			
Datas e Horario	1 ao 30 de novembro do 2020 (virtual) 9 de novembro de 11:00h a 13:00h (Teams)			
Lugar / Modalidade	CUFIE	Moodle, plataforma Teams		
Prazas	30			

Obxectivos

O obxectivo fundamental deste curso online é que o alumnado, profesorado universitario, tome conciencia da importancia do seu papel no desenvolvemento de estratexias e coñecementos que lles permitan identificar as desigualdades de xénero que se producen e reproducen no sistema universitario. Así poderá contribuír á inclusión do principio de igualdade entre mulleres e homes no ensino universitario. En concreto, tentarase que as e os participantes do curso:

- Coñezan e desenvolvan estratexias para incluír a perspectiva de xénero na docencia universitaria de forma transversal.
- Identifiquen rumbos de xénero no currículo formal e oculto.
- Analicen as posibilidades de inclusión das devanditas estratexias nas guías docentes das súas materias.

Contidos

- A docencia universitaria con perspectiva de xénero
- Elemento do proceso de ensino aprendizaxe con perspectiva de xénero: competencias/obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación, recursos, espazos
- Inclusión da perspectiva de xénero nas guías docentes das materias universitarias
- Bibliografía recomendada.

Metodoloxía

O curso desenvolverase do 1 ao 30 de novembro no campus virtual Moodle da UDC, e o alumnado podería ir accedendo aos materiais ao seu ritmo durante todo o tempo que o curso permaneza aberto. Tamén contará cunha sesión sincrónica a través de Microsoft Teams, o luns 9 de novembro.

Profesorado

Nombre: Rocío Díez Ros

Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.

Anexo III

SEMINARIO SOBRE VIOLENCIA MACHISTA

Universidade Sénior - Campus da Coruña e Ferrol

6 E 13 DE NOVIEMBRE DE 2020

**Universidade Sénior
A Coruña
Normal. Aula 1.
Campus de Riazor**

**6 Novembro de 2020,
de 11 a 12.30 horas**

**"Violencia machista e políticas
de igualdade",
a cargo de Antía Pérez Caramés**

**13 Novembro de 2020,
de 11 a 12.30 horas**

**"Os homes que non amaban ás
mulleres. Claves sociolóxicas
para explicar a violencia de
xénero como dominación
masculina",
a cargo de Mónica Belén
Fernández Suárez**

**Universidade Sénior
Ferrol
Salón de Actos.
Campus de Esteiro**

**6 Novembro de 2020,
de 11 a 12.30 horas**

**"Violencia de xénero e novas
tecnoloxías",
a cargo de María Asunción
López Arraz**

**13 Novembro de 2020,
de 12 a 13.30 horas**

**"A violencia contra as
mulleres, un problema de
tod@s",
a cargo de Ana Jesús López
Díaz**

A Coruña:

Inscripción :



Ferrol:



Financiado por:

A **Universidade Sénior** e a **Oficina para a Igualdade de Xénero** da **Universidade da Coruña** organizan un **Programa de Conferencias** durante o **mes de novembro**, sobre a **Violencia Machista**, que será desenvolvido nos **campus da Coruña e Ferrol**.

As **prazas son limitadas** (45 na Coruña e 45 en Ferrol), tendo **preferencia os alumnos e alumnas matriculadas** na Universidade Sénior no **curso 2020-2021**, e serán **asignadas por rigurosa orde de inscrición**.

A **inscrición**, que é **gratuíta**, só poderá realizarse **mediante formulario electrónico** no seguinte **prazo: do 26 de outubro a 2 de novembro**, a través da páxina **web: www.udc.gal/senior**, ou os seguintes **códigos QR**:

Inscrición na Coruña:




Inscrición en Ferrol:



Mais información:

Universidade Sénior
- A Coruña
Edificio Normal
Campus de Riazor
Tlf. 881014507
udc.senior@udc.es

Universidade Sénior
- Ferrol
Edificio de Apoio ao Estudo
Campus de Esteiro
Tlf. 881013631



SEMINARIO SOBRE VIOLENCIA MACHISTA

Universidade Sénior - Campus da Coruña e Ferrol

6 E 13 DE NOVIEMBRE DE 2020



Financiado por:



**Universidade Sénior
A Coruña**

Edificio Normal. Aula 1. Campus de
Riazor

**6 Novembro de 2020,
de 11 a 12.30 horas**

***"Violencia machista e
políticas de igualdade",***
a cargo de Antía Pérez
Caramés

**13 Novembro de 2020,
de 11 a 12.30 horas**

***"Os homes que non
amaban ás mulleres.
Claves sociolóxicas para
explicar a violencia de
xénero como dominación
masculina",***
a cargo de Mónica Belén
Fernández Suárez

**Universidade Sénior
Ferrol**

Salón de Actos. Campus de Esteiro

**6 Novembro de 2020,
de 11 a 12.30 horas**

***"Violencia de xénero e
novas tecnoloxías",***
a cargo de María Asunción
López Arraz

**13 Novembro de 2020,
de 12 a 13.30 horas**

***"A violencia contra as
mulleres, un problema de
tod@s",***
a cargo de Ana Jesús
López Díaz

Anexo IV

VIII CONCURSO DE TRABALLOS ACADÉMICOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO ÁNGELES ALVARIÑO

A Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña convoca o VIII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño co obxecto de incentivar a realización de traballos que inclúan a perspectiva de xénero por parte do alumnado de graos e mestrados, e contribuír, deste xeito, a promover a introdución da perspectiva de xénero na investigación e a docencia. Neste concurso contéplanse dúas modalidades distintas: traballo fin de grao e traballo fin de mestrado.

ORZAMENTO

Para a concesión destes premios destinarase un total de 1000,00 euros con cargo á partida orzamentaria 1700440110 422D 640.00.18.

BASES

1. Participantes

Poderán presentarse os traballos fin de grao e fin de mestrado defendidos no curso 2019/ 2020, en calquera das titulacións oficiais de grao e mestrado impartidas na UDC.

2. Documentación que se deberá presentar

- A solicitude que se inclúe como Anexo I debidamente cuberta.
- O Consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes, que se inclúe como Anexo 2, debidamente cuberto e asinado
- Un CD ou memoria USB etiquetado co nome e apelidos da autora ou autor e a indicación TFG ou TFM segundo corresponda. Conterá os seguintes arquivos:
 1. O traballo completo. Os arquivos deberán nomearse: TFG-apellido1-apellido2 ou TFM-apellido1-apellido2, segundo corresponda.
 2. Un resumo dun máximo de 500 palabras no que se explique como se introduce a perspectiva de xénero no traballo presentado. Nome do arquivo: Res-TFG-apellido1-apellido2 ou Res-TFM-apellido1-apellido2
 3. O DNI escaneado.

3. Lugar e prazo de presentación

A documentación, dirixida á Oficina para a Igualdade de Xénero, entregárase en calquera dos rexistros da UDC:

Código Seguro De Verificación	Z1i65UhQTCKVp5VJfPjzrQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte	Asinado	02/09/2020 21:51:14
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Z1i65UhQTCKVp5VJfPjzrQ==		



- Rexistro Xeral: Reitoría, A Maestranza, 15001 A Coruña.
- Rexistro Auxiliar de Elviña (Campus Zapateira): Local nº 1 (baixo) da Facultade de Ciencias no Campus da Zapateira.
- Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Usos Administrativos, campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

O prazo de presentación dos traballos permanecerá aberto desde o día da publicación desta convocatoria ata as 14 h do 2 de outubro de 2020.

4. Premios

O xurado seleccionará os dous mellores traballos de cada modalidade, tendo en conta entre outros aspectos, a relevancia e orixinalidade da súa temática e das súas achegas, a calidade do traballo e a dificultade da súa realización. As contías dos premios serán as seguintes:

- Traballo de fin de grao: 250 €
- Traballo de fin de mestrado: 250 €

Os premios están suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas.

Se o xurado o estimase conveniente poderá deixar algúns ou todos os premios desertos. No primeiro caso a dotación correspondente a estes integrarase nas restantes categorías.

5. Xurado

O xurado estará presidido pola vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte ou a persoa en quen delegue, e del formarán parte 3 membros do PDI como vogais xunto coa directora (que actuará como secretaria) e a subdirectora da Oficina para a Igualdade de Xénero.

As persoas que actuarán como vogais titulares serán as seguintes:

- Asunción López Arranz
- Ana Jesús López Díaz
- Cándido Jaime López González

No caso de que algunha das persoas nomeadas como vogais titulares non poidan actuar, por ter dirixido ou titorizado algún dos traballos que se presenten ao concurso, actuaría algunha das persoas nomeadas como vogais suplentes, que son as seguintes:

- Almudena Filgueira Vizoso
- María Alicia Arias Rodríguez

O xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puideren suscitarse. A súa decisión será firme e inapelable.

A resolución do xurado darase a coñecer no mes de novembro.

A participación no VIII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero “Ángeles Alvariño” comporta a aceptación expresa de estas bases.

6. Protección de datos

As persoas candidatas deben asinar e entregar, xunto coa candidatura, o documento incluído como ANEXO 2, de Consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes.

Firmado digitalmente en A Coruña por la vicerrectora de Igualdad, Cultura y Deporte

Código Seguro De Verificación	Z1i65UhQTCKVp5VJfPjzrQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte		Asinado	02/09/2020 21:51:14
Observacións			Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Z1i65UhQTCKVp5VJfPjzrQ==			



ANEXO 1

CONVOCATORIA DO VIII CONCURSO DE TRABALLOS ACADÉMICOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO
“ANGELES ALVARIÑO”.

Nome:Apelidos:.....DNI:

Correoelectrónico:.....Teléfono de contacto:.....

Dirección postal:.....

Modalidade:

Traballo fin de grao.....Traballo fin de mestrado.....Traballo fin de carreira.....

Titulación:.....Data de presentación.....

Título do traballo.....

Cualificación.....

Titor/a ou director/a do traballo.....

Enade..... de 2020

Fdo:.....

OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO.

Edif. de Servizos Administrativos . Campus de Esteiro, Ferrol

Código Seguro De Verificación	Z1i65UhQTCKVp5VJfPjzrQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte	Asinado	02/09/2020 21:51:14
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Z1i65UhQTCKVp5VJfPjzrQ==		



ANEXO 2: CONSENTIMENTO PARA A OBTENCIÓN DE DATOS PERSOAIS: CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a sinatura do presente documento, autorizo á Universidade da Coruña á **captación de imaxes e/ou voz (fotografías e vídeos) con motivo da participación no acto de entrega do premio do VIII CONCURSO DE TRABALLOS ACADÉMICOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO "ÁNGELES ALVARIÑO"**. Así mesmo:

- Autorizo a utilizar os datos tomados **en calquera das contas oficiais das redes sociais da Universidade da Coruña, na súa páxina web, informes internos ou en calquera publicación que esta edite ou publique.**
- Autorizo a que os meus datos sexan cedidos ou comunicados aos seguintes destinatarios: **medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, tv e radio).**

Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de 6 anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- principalmente, a través do "Formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais", que se pode cubrir desde a Sede Electrónica da UDC no apartado de "Outros trámites";
- mediante solicitude ao responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.
- mediante solicitude á delegada de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza (candidato/a, se é menor de idade nai, pai ou titor/a do candidato/a):

Lugar e data:

Código Seguro De Verificación	Z1i65UhQTCkVp5VJfPjzrQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte		Asinado	02/09/2020 21:51:14
Observacións			Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Z1i65UhQTCkVp5VJfPjzrQ==			



ACTA DO XURADO DO VIII CONCURSO DE TRABALLOS ACADÉMICOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO ÁNGELES ALVARIÑO CONVOCADO POLA OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Convocada a reunión vía TEAMS o día 19 de outubro de 2020 ás 16:00 h, o xurado do VIII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño formado por:

Cristina López Villar, Vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte, quen delega coma presidenta en Margarita Novales Ordax, directora da Oficina para Igualdade de Xénero da UDC.

Ana Jesús López Díaz, vogal.

Cándido Jaime López González, vogal.

Asunción López Arranz, vogal.

Almudena Filgueira Vizoso, vogal.

María José Abad López, subdirectora da Oficina para a Igualdade de Xénero, secretaria.

RESOLVE QUE:

1. Compre destacar a alta calidade de todos os traballos presentados, polo que o tribunal dos premios quere felicitar as persoas concursantes e tamén aos seus titores e titoras

2. Decide premiar, na categoría de Traballo Fin de Grao as seguintes persoas:

-**Fernández Muñoz, Sara** polo traballo titulado “Tinder, amor e viceversa. Análise da representación do amor romántico e a súa influencia en Tinder”

-**Rial Villar, Carlota** polo traballo titulado “A perspectiva feminista nas guías docentes dos graos en Educación Infantil nas universidades da Coruña (UDC) e de Santiago de Compostela (USC)”

3. Decide premiar, na categoría de Traballo Fin de Mestrado as seguintes persoas:

Código Seguro De Verificación	iKC7vymUJXdfH2yaibw4Kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María José Abad López	Asinado	19/10/2020 17:52:08
	Margarita Novales Ordax	Asinado	19/10/2020 17:45:45
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iKC7vymUJXdfH2yaibw4Kw==		



-**Vázquez Porta, Adrián** polo traballo titulado “O que (non) nos ensinan os libros de texto. Análise do código icónico e lingüístico dos libros de texto de 2º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria”.

-**Ferreira Marante, Rocío** polo traballo titulado “Mapas corporais narrados: unha ferramenta para a análise de xénero no proceso de transición ocupacional na infancia”

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión e eu redacto esta acta coma secretaria.

A secretaria

Visto e prace

A presidenta

María José Abad López

Margarita Novales Ordax

Código Seguro De Verificación	iKC7vymUJXdfH2yaibw4Kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María José Abad López	Asinado	19/10/2020 17:52:08
	Margarita Novales Ordax	Asinado	19/10/2020 17:45:45
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iKC7vymUJXdfH2yaibw4Kw==		





**VIII CONCURSO DE TRABALLOS ACADÉMICOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO
“ÁNGELES ALVARIÑO”**

Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte e presidenta do xurado do VIII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero “Ángeles Alvariño”, que se publicou na sede electrónica o 9 de setembro de 2020, resolve e fai públicos os nomes das persoas galardoadas nas dúas categorías establecidas.

DNI	Nome	Apelidos	Categoría	Importe
***3214**	Sara	Fernández Muñoz	TFG	250,00 €
***0578**	Carlota	Rial Villar	TFG	250,00 €
***2401**	Adrián	Vázquez Porta	TFM	250,00 €
***8595**	Rocío	Ferreira Marante	TFM	250,00 €

Asinado dixitalmente na Coruña


Código Seguro De Verificación	SNCGFUa5hNPkGzBF7owwJQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte	Asinado	20/10/2020 18:41:18
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SNCGFUa5hNPkGzBF7owwJQ==		



25N

DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

25 de Novembro 2020, 12: 00 h.
Retransmisión en directo por TEAMS.
Preme **AQUÍ** para acceder.



Apertura do acto pola Vicerreitora de Igualdade Cultura e Deporte

Lectura do manifesto sobre a eliminación da violencia contra as mulleres da Red de Unidades de Igualdad de Género para la Excelencia Universitaria (RUIGEU)

Presentación dos obradoiros de muralismo ao redor do 25N

Entrega dos premios Angeles Alvariño a:

Sara Fernández Muñoz polo traballo de fin de grao *"Tinder, amor e vice-versa. Análise da representación do amor romántico e a súa influencia en Tinder"*

Carlota Rial Villar polo traballo de fin de grao *"A perspectiva feminista nas guías docentes dos graos en Educación Infantil nas universidades da Coruña (UDC) e de Santiago de Compostela (USC)"*

Adrián Vázquez Porta polo traballo de fin de master *"O que (non) nos ensinan os libros de texto. Análise do código icónico e lingüístico dos libros de texto de 2º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria"*

Rocío Ferreira Marante polo traballo de fin de master *"Mapas corporais narrados: unha ferramenta para a análise de xénero no proceso de transición ocupacional na infancia"*

Proxección do vídeo *"Protocolo contra o Acoso da UDC"*

Anexo V

CONCURSO DE DESEÑO DE CARTEL E VÍDEO PARA DAR PUBLICIDADE AO

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE ACOSO SEXUAL, POR RAZÓN DE SEXO, POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE OU EXPRESIÓN DE XÉNERO

A Universidade da Coruña aprobou o Protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero na UDC, no Consello de Goberno do 30 de outubro de 2019.

Todas as persoas teñen dereito a levaren a cabo o seu traballo ou a súa actividade libres de acoso sexual e por razón de sexo, con pleno respecto á súa intimidade e integridade física e moral.

A UDC debe contribuír á prevención da aparición de condutas que poden considerarse sexistas co fin de garantir esa protección tanto ao persoal traballador como ao alumnado. Coa elaboración do protocolo a nosa universidade pretende poñer á disposición de calquera persoa que manteña algún tipo de relación con ela unha ferramenta para a prevención e protección fronte a posibles situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero, garantindo sempre a confidencialidade.

Coa intención de darlle unha maior publicidade e visibilidade ao protocolo, convócase este concurso.

ORZAMENTO

Para a concesión destes premios destinarase un total de 500 euros con cargo á partida orzamentaria 1700440110 422D 640.00.

BASES

1. Participantes

Poderán presentarse ao certame de xeito individual todas as persoas integrantes da comunidade universitaria da UDC, isto é, PAS, PDI, alumnado dos distintos niveis (graos, mestrados, doutoramento, títulos non EEES) e persoal contratado.

2. Requisitos técnicos

As presentacións deben ser nos seguintes formatos:

- Cartel: entregarse o cartel en formato jpg con 300 ppp.
- Vídeo: o vídeo terá unha duración de 2 minutos como máximo e 1 minuto mínimo. Entregarase un arquivo en formato mp4 en calidade de imaxe HD.

3. Premios

Os premios para as dúas mellores obras consistirán nunha dotación económica de:

- Premio para cartel: 250 €
- Premio para vídeo: 250 €

Os premios están suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas.

Se o xurado o estimar conveniente poderá deixar algúns ou todos os premios desertos.

Código Seguro De Verificación	q5hyIw2whL2UnNvsbejTWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte	Asinado	02/09/2020 21:51:14
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/q5hyIw2whL2UnNvsbejTWA==		



4. Dereitos

A Universidade da Coruña, resérvase o dereito de difusión das obras presentadas en publicacións e exposicións relacionadas co concurso e na publicidade sobre o protocolo ao que fai referencia o concurso, sempre facendo mención da autora ou autor, que non perde a propiedade do seu traballo.

Ademais das obras premiadas o xurado poderá escoller un número variable de obras que considere de interese para unha posible exposición virtual na páxina web da universidade. As devanditas obras seleccionadas son propiedade de cada autor/a que só cederán temporalmente os dereitos sobre as imaxes para a exposición que tivese lugar, tras o cal seranlles devoltos.

5. Información que debe figurar nas propostas de cartel e de vídeo

Tanto o cartel como o vídeo deben orientarse a dar publicidade ao “Protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero” da UDC, que se pode atopar na ligazón:

https://www.udc.es/export/sites/udc/oficinaigualdade/galeria_down/documentos/Protocolo-de-actuacion-ante-situacions-de-acoso-sexual-por-razon-de-sexoorientacion-sexual-e-identidade.pdf_2063069294.pdf, cun folleto resumen en:
https://www.udc.es/export/sites/udc/oficinaigualdade/galeria_down/documentos/Protocolo-UDC-galego.pdf_2063069294.pdf

Inspirándose na información que aparece nas ligazóns anteriores, no cartel e no vídeo deberá aparecer, polo menos, información sobre o “Por que e para que?” do protocolo, o seu ámbito de aplicación, e a información necesaria para iniciar o procedemento de denuncia.

6. Solicitudes

Só se poderá presentar unha solicitude por persoa para cada unha das categorías do premio.

Para a inscrición deberase achegar a seguinte documentación:

1. A solicitude debidamente cuberta que se inclúe como Anexo 1
2. O Consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes, que se inclúe como Anexo 2, debidamente cuberto e asinado
3. Fotocopia do DNI
4. Un CD ou memoria USB coas obras presentadas. Na portada do CD deberá incluírse o nome da autora ou autor e as categorías ás que se presenta.

A UDC resérvase o dereito de poder esixir ás persoas seleccionadas aqueles documentos que estime oportunos para acreditar a súa vinculación coa Universidade da Coruña.

No caso de que aparezan persoas recoñecibles nos vídeos ou no cartel, deberase acompañar dunha carta asinada polas devanditas persoas autorizando o uso da súa imaxe, ou, en caso de que as devanditas persoas recoñecibles sexan menores de idade, unha carta asinada polo pai e a nai ou os titores do/da menor.

7. Prazo e lugar de entrega

A documentación, dirixida á Oficina para a Igualdade de Xénero, entregarase nos rexistros dos Campus da Coruña ou de Ferrol situados en:

Código Seguro De Verificación	q5hyIw2whL2UnNvsbejTWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte	Asinado	02/09/2020 21:51:14
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/q5hyIw2whL2UnNvsbejTWA==		



- Rexistro Xeral: Reitoría, A Maestranza, 15001 A Coruña.
- Rexistro Auxiliar de Elviña (campus da Zapateira): Local nº 1 (baixo) da Facultade de Ciencias no Campus da Zapateira.
- Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Usos Administrativos, campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

Deberase **adiantar por correo electrónico a oficina.igualdade@udc.gal unha ligazón para descarga dos ficheiros no servizo de Onedrive da UDC** indicando no asunto "Concurso protocolo" e incluíndo no corpo da mensaxe os datos da autora ou autor e a categoría á que se presenta.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día da publicación desta convocatoria ata as **14 h do venres 23 de outubro**.

8. Xurado

O xurado estará presidido pola vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte ou a persoa en quen delegue, e del formarán parte dous membros do PDI como vogais xunto coa directora (que actuará como Secretaria) e a subdirectora da Oficina para a Igualdade de Xénero. A directora e a subdirectora da Oficina para a Igualdade de Xénero actuarán con voz pero sen voto.

As persoas que actuarán como vogais titulares serán as seguintes:

- Asunción López Arranz
- Ana Jesús López Díaz

O Xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puideran suscitarse. A súa decisión será firme e inapelable.

A participación no concurso comporta a aceptación expresa de estas bases.

9. Protección de datos

As persoas candidatas deben asinar e entregar, xunto coa candidatura, o documento incluído como ANEXO 2, de Consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes.

Asinado dixitalmente na Coruña pola vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte

Código Seguro De Verificación	q5hyIw2whL2UnNvsbejTWA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte			Asinado	02/09/2020 21:51:14
Observacións				Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/q5hyIw2whL2UnNvsbejTWA==				



ANEXO 1

CONCURSO PARA PUBLICIDADE DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE ACOSO SEXUAL, POR RAZÓN DE SEXO, POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE OU EXPRESIÓN DE XÉNERO DA UDC

Nome:Apelidos:.....DNI:

Correo electrónico:.....Teléfono de contacto:.....

Dirección postal:.....

Grupo ao que pertence: PAS.....PDI.....Alumnado.....Outros.....

Categoría á que se presenta: Cartel.....Vídeo.....

Enade de 2020

Asinado:.....

OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO.

Edif. de Servizos Administrativos . Campus de Esteiro, Ferrol

Código Seguro De Verificación	q5hyIw2whL2UnNvsbejTWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte	Asinado	02/09/2020 21:51:14
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/q5hyIw2whL2UnNvsbejTWA==		



ANEXO 2: CONSENTIMENTO PARA A OBTENCIÓN DE DATOS PERSOAIS: CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a sinatura do presente documento, autorizo á Universidade da Coruña á **captación de imaxes e/ou voz (fotografías e vídeos) con motivo da participación no acto de entrega do premio do CONCURSO DE DESEÑO DE CARTEL E VÍDEO PARA DAR PUBLICIDADE AO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE ACOSO SEXUAL, POR RAZÓN DE SEXO, POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE OU EXPRESIÓN DE XÉNERO**. Así mesmo:

- Autorizo a utilizar os datos tomados en calquera das contas oficiais das redes sociais da Universidade da Coruña, na súa páxina web, informes internos ou en calquera publicación que esta edite ou publique.
- Autorizo a que os meus datos sexan cedidos ou comunicados aos seguintes destinatarios: **medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, tv e radio)**.

Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de 6 anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- principalmente, a través do “Formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais”, que se pode cubrir desde a Sede Electrónica da UDC no apartado de “Outros trámites”;
- mediante solicitude ao responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.
- mediante solicitude á delegada de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza (candidato/a, se é menor de idade nai, pai ou titor/a do candidato/a):

Lugar e data:

Código Seguro De Verificación	q5hyIw2whL2UnNvsbejTWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte	Asinado	02/09/2020 21:51:14
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/q5hyIw2whL2UnNvsbejTWA==		





CONCURSO DE DESEÑO DE CARTEL E VÍDEO PARA DAR PUBLICIDADE AO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE ACOSO SEXUAL, POR RAZÓN DE SEXO, POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE OU EXPRESIÓN DE XÉNERO

Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte e presidenta do xurado do Concurso de deseño de cartel e vídeo para dar publicidade ao Protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero, publicado no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña o día 09.09.2020, resolve e fai públicos os nomes das persoas galardoadas nas dúas categorías establecidas.

DNI	Nome	Apelidos	Categoría	Importe
***5822**	Oscar Luís	Blanco Domínguez	Cartel	250,00 €
***9778**	Eva	Santamaría Criado	Vídeo	250,00 €

Asinado dixitalmente na Coruña

Código Seguro De Verificación	tRxfgdcSECSdfLaIsypG8Q==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte		Asinado	22/10/2020 10:15:14
Observacións			Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tRxfgdcSECSdfLaIsypG8Q==			

